

A historia dunha adolescente sudafricana rodeada de violencia gaña o festival de Tui

# O Play-Doc decántase por un cine documental e comprometido

*O xurado realizou dúas mencións especiais para unha historia africana e outra arxentina*

**Camilo Franco**

TUI

■ O documental é un xénero infeliz porque a vida o fixo así. Play-Doc rematou onte premiando maioritariamente un tipo de películas nas que se contan algúns dos billóns de problemas do mundo contemporáneo. África pesou no festival e na entrega de premios de onte. A longametraxe gañadora, *The Mother's House*, foi sinalada como unha historia conmovedora e sutil fronte a unha historia brutal e complexa e levou os 3.000 euros do premio. A historia de Miché atravesada case todas as capas dos conflitos que se poden dar na Sudáfrica post-apartheid. É muller, adolescente, cun ambiente familiar violento e un entorno social convulso. É difícil crecer con iso, pero o documental dirixido por François Verter non enfoca a problemática social ou a perspectiva da violencia nun territorio complicado. En realidade, e como salientou o xurado, a intención do documental e conmoer aos espectadores cunha mirada sutil «nunha historia complexa, inzada de ira, odio e tenrura».

O xurado desta terceira edición do festival tudense sinalou dúas longametraxes máis con



ÓSCAR VÁZQUEZ

Parte de los cineastas distinguidos anoche en Tui, durante la ceremonia de entrega de premios

mencións especiais. A primeira delas, *Sister in Law*, explica as dificultades e as actitudes das mulleres, xuíces, fiscais ou avogadas, que están traballando en Camerún e que, entre outras cousas, conseguiron condenas para maridos que pegaban as súas mulleres. Condenas incluso con matrimonios musulmanos. A longa, dirixida por Kim Longinoto e Florence Ayisi, explica a nova actitude das mulleres do país centroafricano desde tres casos diferentes de malos tratos. A segunda película mencionada polo xurado foi *An Ordinary Family*, do sueco Fredrik Gertten. Conta como unha familia común arxentina queda atrapada polo corralito.

## Aplausos para os espectadores e á súa participación

■ Segundo os organizadores, o Play-Doc deste ano permite o optimismo. Desde o punto de vista das cifras o número de espectadores que pasaron polo teatro Área Panorámica creceu máis dun 30% sobre a edición anterior.

Desde o punto de vista dos directores do festival, Sara García e Ángel Sánchez, isto significa que a cita documental tivo en esta terceira edición 7.500 espectadores, sumando os asistentes dos dous concertos paralelos ás proxeccións.

Hai máis datos que invitan ao optimismo. Máis de cincocentas películas recibidas para participar no festival e un interese internacional que supera as expectativas coas que naceu esta cita monográfica para repasar un xénero que vai sendo mellor recibido polo espectadores anos tras ano. Ángel Sánchez asegurou onte na entrega de premios do certame que «este é un festival da xente e os aplausos deberían ser sempre para os espectadores e para a forma en que participan».

## Arte para falar dos problemas dos demais

■ As longametraxes son só unha parte do palmarés que o Play-Doc entregou na tarde de onte. Hai outras catro categorías para un xénero que se pode abordar en formatos ben diferentes. As curtametraxes son un destes formatos que se adaptan ao documental e o xurado de Tui decidiu compartir o premio entre dous dos títulos presentados. Dunha banda a historia dunha rapaza oriental que quere ser home. *A Girl Named Kai* compartiu o premio a curtas con *I want to be a pilot*. Nos dous casos, o xurado entende que a intención de Kai Ling Xue e Diego Quemada-Díez é conseguir que os problemas de outras persoas non sexas alleos para os espectadores. A segunda das historias é tamén africana, un rapaz que vive nunha grade cidade e que quere pilotar os avións que mira pasar a diaria sobre o ceo da súa casa. Outro dos premios, *Atlántico*, é o que reconece o traballo feito por creadores galegos ou portugueses. Neste caso para un traballo portugués, *Aínda ha pastores?*, de Jorge Pelicano. A historia dalgúns lugares perdidos na xeografía portuguesa foi unha das máis aplaudidas na gala.

O consorcio concedeu o Foco Galicia, con 2.000 euros, á historia de Alberto Pagán sobre a memoria dos galegos en Buenos Aires baixo o título *Bs. As*. A TVG reconeceu o traballo de *Sister in Law*, da que comprará os dereitos. O Play Avid Doc foi para *Historias de la línea azul*, dos irmáns Mateo Morales.